

Proposta de resolución provisional da VII convocatoria para a avaliación e o recoñecemento de grupos de innovación docente (GID) da Universidade da Coruña (UDC)

Ao amparo da normativa de avaliación e recoñecemento de GID¹, o 25 de setembro de 2025 (modificada por corrección de erros o 1 de outubro de 2025) publicouse na Sede Electrónica da UDC a VII convocatoria para a avaliación e o recoñecemento dos GID da UDC². Segundo establece o seu artigo 7, unha vez avaliadas as solicitudes presentadas segundo os termos da convocatoria, a Comisión Asesora de Innovación Docente (CAID) emitiu unha valoración de acordo coas directrices de avaliación establecidas na normativa de GID e os criterios indicados no Anexo I da convocatoria.

Unha vez finalizado o proceso de avaliación das solicitudes a CAID acorda:

1. Propoñer a resolución provisional da convocatoria. No Anexo I inclúese a relación de todas as solicitudes avaliadas. Para cada solicitude indícase a persoa que coordina o GID e o resultado da avaliación nos termos especificados no artigo 7 da convocatoria.
2. Publicar esta proposta de resolución provisional na Sede Electrónica da UDC.
3. Enviar a puntuación obtida en cada apartado ás persoas coordinadoras daqueles GID que non acadaran a valoración de “GID consolidado”.

Contra esta resolución poderase presentar unha reclamación ante a persoa que preside a CAID no prazo de dez días hábiles, que comezará a contar a partir do día seguinte ao da publicación da resolución na Sede Electrónica da UDC. A dita reclamación presentárase exclusivamente a través do Rexistro Electrónico³ da Sede electrónica da UDC. No formulario do rexistro electrónico, no campo “destinado a” débense seleccionar “servizos” e “CUFIE”.

A Coruña, na data da sinatura dixital.

José Antonio García Naya

Presidente da CAID

¹ https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2023/011165

² https://sede.udc.gal/services/electronic_board/EXP2025/009775

³ https://sede.udc.gal/services/telematic_register

ANEXO I. Resultados da valoración

ID	Acrónimo	Nome	Coordinación	Resultados ¹
1	GIDDIE	GRUPO DE INNOVACIÓN DOCENTE DE DERECHO INTERNACIONAL Y EUROPEO	Gabriela Alexandra Oanta Oanta	GID consolidado
2	LiL	Laboratorio de Innovación en Linguas	Nancy Josefina Vázquez Veiga	GID consolidado
3	AICED	Análise de Información Contable na Era Dixital	David Olegario Peón Pose	GID consolidado
4	GID Podoloxía	Grupo Innovación Docente en Podoloxía	Pedro Gil Manso	GID consolidado
5	IE-EXSA	Innovación Educativa en Ciencias Experimentais e da Saúde	Susana Sangiao Alvarellós	GID en vías de consolidación
6		Innovación Docente, Mejora Continua y TICs	Marcos Gestal Pose	GID consolidado
7	Hi3: Hidráulica e hidroloxía híbridas	Tecnoloxías numérico-experimentais en materia de hidráulica e hidroloxía	Manuel Alberto Regueiro Picallo	GID consolidado
8	APLICA-TT	“Aplicación de novas metodoloxías docentes na educación superior: tutoría e tecnoloxía”	Estefanía Mourelle Espasandín	GID consolidado

ID	Acrónimo	Nome	Coordinación	Resultados ¹
9	GID OPERFIN- ECOENER- ECOCIRC	GRUPO DE INNOVACIÓN DOCENTE EN OPERACIÓN FINANCEIRAS, ECONOMÍA ENERXÉTICA E ECONOMÍA CIRCULAR	Fernando De Llano Paz	GID consolidado
10	Grupo AEIOU	Grupo de Construción Activo, Experimental, Innovador, Orientador e Universitario	Fernando Martínez Abella	GID en vías de consolidación
11	IDIXEC	Inclusión, diversidade e xénero en estudos na cultura	Rosario Mascato Rey	GID consolidado
12	GRIDEM	Grupo de Innovación Docente en Economía y Empresa	Laura Varela Candamio	GID consolidado

1: Segundo se indica no artigo 7 da convocatoria:

- GID consolidado: puntuación de cando menos 50 puntos.
- GID en vías de consolidación: puntuación de cando menos 30 puntos e inferior a 50 puntos.
- GID desestimado: puntuación inferior a 30 puntos.